

II CAMPIONATO GALEGO DE AUGAS ABERTAS

Tempada 2017/18. Circular 17-22.

1.- Organización, data e sede

1.1.- O Campionato celebrarase na data e sede establecida no calendario de natación para a presente tempada.

1.2.- As probas celebrarase nunha soa sesión que dará comezo a las 10:00 horas (pode variar dependendo das mareas).

1.3.- O circuíto da proba deberá estar a disposición dos equipos participantes dúas horas antes do inicio da sesión. Os nadadores teñen dereito a realizar o quecemento até 10 minutos antes de que comece a sesión.

1.4.- Será de aplicación a normativa vixente de Augas Abertas, incluíndo as Normas FINA e da RFEN en vigor sobre traxes de baño.

Para as competicións en Augas Abertas cunha temperatura da auga por enriba de 20°C os traxes de baño tanto para homes coma mulleres non poderán cubrir o colo, nin se estenderá máis alá dos ombros, nin por debaixo dos nocellos. Neste caso coas condicións especificadas os traxes de baño para competicións de Augas Abertas deberán ser feitos cos mesmos requisitos aplicables os traxes de baño usados en piscinas.

Para as competicións de Augas Abertas con unha temperatura da auga por debaixo de 20°C, homes e mulleres poderán utilizar traxes de baño téxtiles ou térmicos (wetsuits). Cando a temperatura da auga sexa inferior a 18°C, o uso de traxes de baño térmicos é obrigatorio.

No que se refire a esta normativa, os «wetsuits» son traxes de baño feitos de materiais que proporciona illamento térmico. Estes traxes de baño para homes e mulleres cubriran completamente o peito, costas, ombros e xeonllos. Non se estenderan mais alá do colo, os pulsos e os nocellos.

Estas normas serán tamén de aplicación nas competicións máster de Augas Abertas.

1.5.- O lugar de celebración da travesía deberá ser en «augas abertas», entendendo como tales os seguintes emprazamentos: praias, portos, ríos, lagos ou calquera outro que non teña a consideración de recinto pechado.

2.- Programa de probas

- 1.- 2500 m Máster (todas as categorías)
- 2.- 1.250 m Masculino e Feminino Alevín
- 3.- 2.500 m Masculino e Feminino Infantil.
- 4.- 5.000 m Masculino e Feminino Júnior-1
- 5.- 5.000 m Masculino e Feminino Júnior-2.
- 6.- 5.000 m Masculino e Feminino Absoluto.

3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías:

Deportistas:

Haberá unha categoría masculina e outra feminina por cada un dos seguintes grupos de idade:

Sénior (1998 e anteriores)	Infantil (2003-2004)
Júnior-2 (1999-2000)	Alevín (2005)
Júnior-1 (2001-2002)	

Máster:

Haberá unha categoría masculina e outra feminina por cada un dos seguintes grupos de idade:

20+ de 20-24 Anos (nados nos anos 1998-1994)	65+ de 65-69 anos (nados nos anos 1953-1949)
25+ de 25-29 anos (nados nos anos 1993-1989)	70+ de 70-74 anos (nados nos anos 1948-1944)
30+ de 30-34 anos (nados nos anos 1988-1984)	75+ de 75-79 anos (nados nos anos 1943-1939)
35+ de 35-39 anos (nados nos anos 1983-1979)	80+ de 80-84 anos (nados nos anos 1938-1934)
40+ de 40-44 anos (nados nos anos 1978-1974)	85+ de 85-89 anos (nados nos anos 1933-1929)
45+ de 45-49 anos (nados nos anos 1973-1969)	90+ de 90-94 anos (nados nos anos 1929-1924)
50+ de 50-54 anos (nados nos anos 1968-1964)	95+ de 95-99 anos (nados nos anos 1923-1919)
55+ de 55-59 anos (nados nos anos 1963-1959)	100+ de 100 anos e máis (nados nos anos 1918 e anteriores)
60+ de 60-64 anos (nados nos anos 1958-1954)	

A idade entenderase cumprida a 31 de decembro do último ano da tempada en vigor.

Os nadadores con dobre licenza deberan elixir e poderán participar nunha soa categoría.

3.2.- Poderán participar todos os nadadores que teñan a súa licenza de deportistas ou de máster na FEGAN na presente tempada.

4.- Inscripcións

4.1.- Remítanse por correo electrónico á inscricions@fegan.org indicando nome e apelidos dos nadadores, ano de nacemento e número de licenza.

4.2.- As inscricións deberán estar en poder de la FEGAN 10 días antes do comezo da competición e sendo responsabilidade do Clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida correctamente.

5.- Fórmula de competición

5.1.- As probas disputaranse polo sistema de cronometraxe e chegada de Micro Chip.

Haberá tres saídas, as cales se darán na seguinte orde:

1ª Saída: Categorias Máster (todas xuntas)

2ª Saída: Categorias Alevín e Infantil

3ª Saída: Categorias Júnior-1, Júnior-2 e Sénior

As saídas poderá modificarse por mor das mareas e número de participantes.

5.2.- Para os efectos de puntuación só se terán en conta como máximo dous nadadores por clube en cada proba e categoría, con independencia dos que participasen.

5.3.- A puntuación será 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1 para cada categoría, de deportista e para Máster será 7, 5, 4, 3, 2, 1. No suposto do club que teña clasificados máis de dous nadadores na mesma proba só puntuarán os dous primeiros. Os clasificados despois non serán puntuados, corréndose a súa puntuación ao seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo club.



6.- Clasificacións e resultados

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

Deportista:

Masculina

Feminina

Máster:

Masculina

Feminina

7.- Títulos e premios.

7.1.- Medallas aos tres primeiros clasificados en cada unha das categorías.

7.2.- Trofeo ó campión/a galego absoluto masculino e feminino da distancia de 5000m. Esta clasificación non influirá na clasificación nin puntuación final.

7.3.- - Trofeos aos clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas no punto 6.

A Coruña, 18 de xaneiro de 2018

Secretaría Xeral FEGAN